



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Xornadas Como aproveitar as oportunidades que Europa nos ofrece

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	11
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2008
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	DIVULGACIÓN	<b>EDICIÓNS:</b>	1

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Coa sinatura do novo Tratado de Lisboa e a aprobación do novo período de financiamento 2007-2013, ábrese unha gran fiestra de novas oportunidades para os diferentes sectores que conforman a Unión Europea. Tendo moi en conta que as pequenas e medianas empresas representan un papel clave dentro da sociedade, desde a Unión Europea invítase as PEME a participar plenamente no proceso de construción europea. Por unha banda, as PEME representan un rol fundamental nun dos piares da nova estratexia de Lisboa, baseado na innovación e no coñecemento como base principal para o crecemento. Por outra banda, as axudas e programas da UE son, a través do principio do (co-)financiamento, unha gran fonte de recursos para os concellos e rexións de Europa. A decisión final para o novo período de programación 2007-2013 tardou en chegar, aínda que isto non significa que o compromiso financeiro da UE no conxunto dos estados membros diminúa. Máis ben ao contrario, seguen a se contar por centos as axudas que a UE pon a disposición dos actores rexionais e locais dentro dos que as PEME xogan un papel moi destacado.

Unha vez vista desde unha perspectiva xeral a importancia do papel que poden desempeñar as PEME no proceso de construción europea, a pregunta sería: Como podemos aproveitar este novo marco? Para potenciar as posibilidades de crecemento que nos ofrece Europa é preciso desenvolver e atesourar proxectos convincentes, e para iso é moi importante atopar socios cos que traballar e colaborar dunha maneira conxunta. Por todo isto, desde un valor dos fondos ata o cambio de escenario que representa o novo período de programación, os actores locais e rexionais, e moi especialmente as PEME, deben estar moi ben preparados para a ocasión. Cada programa ou iniciativa ten os seus propios obxectivos ou peculiaridades, pero no que se refire ás “regras básicas do xogo” (isto é presentación da proposta ou ofertas, xestión e facturación, etc.), os elementos converxen e poden ilustrarse baixo un patrón harmonizado.

Ao mesmo tempo, podemos observar unha nova foto da Unión Europea, que entraña a necesidade de se lle presentar e explicar á cidadanía dun xeito eficaz e coherente. Neste mesmo sentido e partindo da importancia que supón que a cidadanía estea ben informada, desde 2001, os temas relacionados coa comunicación dos asuntos europeos estiveron moi presentes na axenda política. As recentes sondaxes (e referendos) que puxeron a proba a UE nos últimos tempos amósannos a necesidade de reconfigurar e dinamizar unha estratexia de comunicación para que se informe a cidadanía. Isto levou recentemente á Comisión Europea (CE) ao deseño dunha estratexia de comunicación. Conforme o novo lema “Escouitar, comunicar e interesarse a nivel local”, a CE (so o liderado de Margot Wallström) tenta superar anteriores omisións e concentrarse en ofrecerlles aos cidadáns europeos resultados e información tanxible que poidan utilizar na súa vida cotiá.

## DESTINATARIOS

O seminario está dirixido ao persoal a servizo das administracións públicas, e tamén a representantes de pequenas e medianas empresas galegas e a asociacións cuxa función principal sexa a de representar a cidadanía. Ao mesmo tempo, o seminario tamén está aberto a un amplo público proveniente do nivel local e rexional de Galicia. En termos máis xerais, o seminario será de grande interese para todas aquelas empresas, asociacións, organizacións e cidadáns interesados en coñecer ou ampliar os seus coñecementos sobre as oportunidades que nos ofrece Europa, en forma de fondos de financiamento de proxectos e en novas e mellores formas de comunicación dos asuntos europeos á cidadanía, e principalmente como poden aproveitar estas oportunidades do xeito máis óptimo e eficaz posible.

## PROGRAMA

- Como desenvolver unha estratexia de proxecto convincente para conseguir fondos da UE
- A Estratexia de Lisboa como marco global para o período 2007-2013: Actores, prioridades e fondos
- O Marco estratéxico para a converxencia económica de Galicia 2007-2013
- Reforzar a dimensión empresarial nos fondos: CIP, Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, 7PM, JEREMIE etc.
- Desenvolver unha proposta/idea convincente e un concepto firme para conseguir fondos: O "manual" de xestión do ciclo do proxecto e o marco lóxico
- A creación e o funcionamento dos consorcios: Como participar neste proceso, encontrar un socio, crear un consorcio, acordos de asociación, metodoloxía, etc. – factores de éxito críticos
- Comunicación de Información Europea cara á Cidadanía
  
- Por que comunicar? Definición e presentación da mensaxe. Deseño, perfeccionamento e presentación da mensaxe; Elixir o medio apropiado para facer pasar a mensaxe – méritos de varios enfoques, breve visión da teoría da comunicación;
- Que é unha noticia (da UE)?  
Que é o que os medios de comunicación queren realmente en relación coa información europea? Experiencias para escribir comunicados de prensa de portada;
- Requisitos publicitarios e provisión de visibilidade e tamén divulgación de resultados dos proxectos financiados pola UE
- Ferramentas e actividades ao servizo da cidadanía para acceder á información da UE

## CRITERIOS DE SELECCIÓN

Aforo local

## 3. DATOS EDICIÓNS

### ACORUÑA1

**LOCALIDADE:** A CORUÑA **INICIO / FIN:** 22/05/2008 a 23/05/2008

**NUM. PRAZAS:** 150 **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) **DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

#### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Paraninfo da Universidade, rúa da Maestranza, 9. A Coruña